

### A lagoa de Cospeito

Hai moito tempo, no lugar que hoxe ocupa a lagoa de Cospeito, existiu unha pequena vila chamada Valverde. A esta vila chegou un mendigo pedindo pousada, pero todas as portas ás que petou se pecharon ao seu paso. Cando xa se retiraba, os habitantes dunha humilde casa situada nas aforas acollérono e prestáronlle acubillo. O mendigo suplicoulles que lle desen algo de comer, pero a familia era moi pobre e só posuía unha pequena becerria que constituía o seu único sustento. Pese a iso, os moradores da casa decidiron sacrificar o animal para ofrecerlle comida ao pobre home.



Cando remataron de cear, o visitante díxolles aos seus anfitrións que, antes de se deitar, botasen os ósos da becerria no cortello. Malia non entenderen a razón do que lles pedía, eles fixérono. Ao día seguinte, o mendigo espertou a familia a berros, solicitando leite para o almorzo. Eles pensaron que perdera o siso e lembráronlle que o único animal que tiñan sacrificárano a noite anterior para darlle de cear. Pero o mendigo respondeu: «Claro que tedes vacas que muxir! Iso é tan certo como que a vila de Valverde quedou asolagada». Abraiados, os donos da casa foron ao cortello e atoparon alí varias vacas. Despois saíron fóra e comprobaron que a vila de Valverde quedara, efectivamente, anegada.

Hai quen di que aquel mendigo era en realidade Xesús Cristo, que andaba polo mundo comprobando a xenerosidade dos homes. Tamén hai quen afirma que, nas noites de San Xoán, se poden escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde. E mesmo hai quen asegura ter visto, en épocas de seca, os tellados da vella vila.

#### 1 Responde as seguintes preguntas sobre o texto. RM.

- Como se portaron os habitantes de Valverde co mendigo? Mal. Pecháronlle todas as portas ás que chamou.
- Quen o acolleu finalmente? Os habitantes dunha casa situada nas aforas.
- Como trataron esas persoas ao pobre home? Ben. Acollérono e prestáronlle acubillo. Decidiron sacrificar a única becerria que posuían para ofrecerlle comida.
- Cal era a verdadeira identidade do mendigo? Xesús Cristo.  
Que propósito tiña realmente? Comprobar a xenerosidade dos homes.